



Resolución do 15 de xullo de 2025 da Universidade da Coruña pola que se nomea Profesor Titular de Universidade da área de coñecemento de Economía Financeira e Contabilidade a Félix Puime Guillén.

De conformidade coa proposta da Comisión designada para xulgar o concurso de acceso que convocou esta universidade por Resolución do 26 de febreiro de 2025 (BOE do 10 de marzo de 2025), para a provisión da praza número 25/005 de Profesor Titular de Universidade da área de coñecemento de Economía Financeira e Contabilidade, departamento de Empresa desta universidade, a favor de Félix Puime Guillén, con DNI núm. ***8254** e unha vez que a persoa interesada acreditara os requisitos establecidos na convocatoria.

Esta Reitoría, no uso das atribucións que lle confire o artigo 50 da Lei 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario e demais disposicións que a desenvolven, resolveu nomear a Félix Puime Guillén, Profesor Titular de Universidade da área de coñecemento de Economía Financeira e Contabilidade, departamento de Empresa desta Universidade.

No prazo máximo de vinte días, a contar desde o día seguinte á publicación deste nomeamento no “Boletín Oficial do Estado”, a persoa candidata deberá tomar posesión do seu destino.

Contra a presente Resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, que se contarán desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Previamente, e con carácter potestativo, poderá interpoñer un recurso de reposición ante esta Reitoría, no prazo dun mes, de acordo co establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE de 2 de outubro de 2015).

A Coruña, 15 de xullo de 2025

A Vicerreitora de Profesorado

Por delegación do Reitor (10/07/2024)

María Teresa López Fernández